

O texto narrativo

Que é?

A narración é n tipo de texto oral ou escrito que lle acontece a un ou varios personaxes nun lugar e nun tempo determinados. Por exemplo: mitos, lendas, chistes, novelas, noticias, etc

.

Elementos da narración

- **Voz narradora:** Relata os acontecementos en 1ª ou 3ª persoa.
- **Personaxes:** Participan nos sucesos narrados.
- **Espazo e tempo:** Sitúan a historia nun lugar e nun momento determinados.

Estrutura

- **Inicio ou introdución:** É o momento no que se presentan os personaxes
- **Nó ou desenvolvemento:** Relátanse os feitos que lles ocorren aos personaxes.
- **Desenlace :** O relato chega ao seu fin.

Introducción

Había unha vez, nunha pequena aldea galega, tres amigos chamados Marta, Xoán e Ana. A aldea estaba rodeada de verdes campos e montañas cubertas de néboa que lles daban un aire misterioso. Un día, os tres amigos decidiron aventurarse nun bosque próximo que, segundo as lendas locais, tiña un segredo agardando a ser descuberto.

Nó

Ao ir entrando no bosque, Marta, Xoán e Ana comezaron a escoitar sons estraños e a ver sombras entre as árbores. De súpeto, atoparon unha antiga porta de madeira que parecía levar a algún lugar descoñecido. Sen dubidar, abrírona e descubriron un mundo máxico cheo de criaturas sorprendentes e paisaxes increíbles. Con cada paso, o misterio do bosque desvelábase ante os seus ollos curiosos. Os tres amigos viviron aventuras emocionantes no mundo máxico do bosque, facendo novos amigos e aprendendo leccións importantes sobre a amizade e o respecto á natureza.

Desenlace

Cando decidiron regresar á súa aldea, descubriron que o tempo no bosque era diferente, e o que lles parecera un día, pasara apenas uns minutos na súa realidade. Co corazón cheo de lembranzas inesquecibles, Marta, Xoán e Ana volvían á súa aldea cun sorriso nos beizos, sabendo que o misterio do bosque sempre viviría nos seus corazóns.

Características da narración: trazos lingüísticos

- Predominio da 1ª e da 3ª persoa gramaticais.
- Maior presenza de verbos predicativos que de substantivos e adxectivos.
- Uso de marcadores textuais, especialmente de tipo temporal (un día, naquel momento, agora, hoxe, despois...)

Características da narración

Os textos narrativos poden incluír diálogos

- **Estilo directo:** recolle literalmente expresións e pensamentos respectando a forma en que foron emitidos. Na escrita, márcase con sinais gráficos como o trazo inicial, as aspas, os dous puntos ou a mudanza de liña.

A túa amiga confesou: “Fun eu quen fixo desaparecer o cadro”.

—Fun eu quen fixo desaparecer o cadro.

Características da narración

- **Estilo indirecto:** a voz narradora reproduce a mensaxe coas súas palabras:

A túa amiga confesou **que** fora ela quen fixera desaparecer o cadro.